

EXERCICIOS DE REPASO DO VERBO 2

1. Localiza os verbos en forma persoal e di en que tempo están e o valor que teñen:

- Serán as seis e media.
- Viñestes camiñando pola beira do río? XERUNDIO. Acción en proceso
- Daquela xogabades máis na rúa.
- Había unha vez unha nena...
- Aclaradas as cousas, podemos ser amigos. PARTICIPIO. Acción rematada.
- No ano 1916 créase a primeira Irmandade da Fala.
- Podería traerme un café con leite, por favor? INFINITIVO. Acción na súa esencia

2. Completa as oracións coa forma verbal que se indica:

- Cando erades pequenas ___RIFABADES___ (rifar: copretérito indicativo) decote.
- Afonso non ___CANTARÍA___ (cantar: pospretérito) se non estivese seguro.
- Asunción díxolles que ___COLLESEN___ (coller: pretérito subxuntivo) cadanseu.
- Quero que cada un de vós ___ESCRIBA___ (escribir: presente subxuntivo) o seu.
- Onte pola mañá eu mesma ___VARRÍN___ (varrer: pretérito indicativo) o meu cuarto.
- Nós non ___REMATAREMOS___ (rematar: futuro indicativo) o traballo ata mañá pola tarde.
- Non creo que ___EXISTA___ (existir: presente subxuntivo) os extraterrestres.
- Vou pasar a tarde ___LENDO___ (ler: xerundio) na biblioteca.
- Eu ___ANDEI___ (andar: pretérito indicativo) moito e estou moi cansa.
- Cando chegamos ao concerto xa ___CANTARA___ (cantar: antepretérito indicativo) o noso grupo favorito.
- De que vos ___RIADES___ (rir: copretérito indicativo) tanto o outro día?
- Flor ___CRE___ (crer: presente indicativo) que ti e mais eu somos irmáns.
- Non creo que ese traste ___SIRVA___ (servir: presente subxuntivo) para nada.
- Belén, ___INCLÚE___ (incluír: imperativo) este dato no informe, por favor.
- Estes nenos ___DORMEN___ (dormir: presente indicativo) moi pouco.
- Prefiro que ___CONDUZA___ (conducir: presente subxuntivo) Daniel.
- Vós ___BEBEDES___ (beber: presente indicativo) pouca auga.
- ___SIRVE___ (servir: imperativo) ti a mesa, mentres vou buscar pan.
- Non creo que ___OIA___ (oír: presente subxuntivo) ben se non lle ___SOBES___ (subir: presente indicativo) o volume á radio.

- Ti ____LICHES____ (ler: pretérito indicativo) o libro que che ____TROUXO____ (traer: pretérito indicativo) Does?
- Cando ____SAIAS____ (saír: presente subxuntivo), non ____ESQUEZAS____ (esquecer: presente subxuntivo) pechar a porta con chave.
- Eu ____QUERERÍA____ (querer: pospretérito) que ti ____ESTIVESES____ (estar: pretérito subxuntivo) alí connosco.
- Non ____VEXO____ (ver: presente indicativo) o momento de dicirlle que xa ____VEU____ (vir: pretérito indicativo) Tino.
- Nós, cando ____ERAMOS____ (ser: copretérito) pequenos, ____CRIAMOS____ (crer: copretérito) nas meigas.
- Dille a Tareixa que ____VEÑA____ (vir: presente subxuntivo) á miña casa en canto ____POIDA____ (poder: presente subxuntivo).

3. Conxuga os infinitivos cando sexa posible:

- **Vouche dicir por que estou aquí.** NON SE PODE CONXUGAR PORQUE FORMA PARTE DUNHA PERÍFRASE
- **Para medrar tedes que comer moito.** Só se pode conxugar MEDRARDES (vós). Non se pode conxugar COMER porque forma parte dunha perífrase.
- **Segues a pensar no que che dixen onte?** NON SE PODE CONXUGAR PORQUE FORMA PARTE DUNHA PERÍFRASE
- **Vinte ao saír nós do instituto.** SAÍRMOS (nós)
- **Estou a perder a paciencia contigo.**
- **De saber nós que estabades en Santiago, fariamos o posible por vervos.** SABERMOS (nós)
- **Xa sei que estiveches a chorar toda a tarde polo que che dixo Adolfo.** NON SE PODE CONXUGAR PORQUE FORMA PARTE DUNHA PERÍFRASE

4. Localiza as perífrases verbais e explica o seu significado:

- Tes que comer peixe polo menos unha vez á semana. Modal de obrigación
- Ramón está escoitando música no seu cuarto. Aspectual imperfectiva
- Cando sentiu ladrar o can, Carme botou a correr. Aspectual incoactiva
- Hasme deixar o disco que mercaches o outro día? Temporal de futuridade
- Heiche contar un conto moi bonitiño. Temporal de futuridade
- Téñote avisado de que non deixes o anel xunto á ventá. Aspectual perfectiva

- Nada máis saír da casa, púxose a chover. Aspectual incoactiva
- Paco ten que estudar para o exame de francés. Modal de obrigación

7. Sinala o timbre da vogal radical das formas subliñadas nos enunciados seguintes e explica as alternancias vocálicas que se producen no paradigma do verbo:

a) Serves agora o café porque el xa sobe de contado. sErvés (E aberto): sirvo, sErvés, sErve, servimos, servides, sErven. Alternan o E aberto con e pechado.

b) Cando les en voz alta espertas a todos. Les (e pechado): leo, les, le, lemos, ledes, len. Son todos pechados. / espErtas (E aberto): espEрто, espErtas, espEрта, espertamos, espertades, espErtan. Alternan E aberto e e pechado.

c) Mentes cando dis que o esqueces todo de contado. mEntes: minto, mEntes, mEnte, mentimos, mentides, mEnten. Alternan E aberto e e pechado. / esquEces: esquezo, esquEces, esquEce, esquecemos, esqueceres, esquEcen. Alternan E aberto e e pechado.

d) Levo toda a mañá escoitando como toses, así que non me veñas con lérias. lEvo (E aberto): lEvo, lEvas, lEva, levamos, levades, lEvan. Alterna E aberto e e pechado. / tOses (O aberto): toso, tOses, tOse, tosemos, tosedes, tOsen. Alterna o o pechado con O aberto. / veñas (e pechado): veña, veñas, veña, veñamos, veñades, veñan.